



Experimentación con Descartes na Aula. Galicia 2008

*María José Vázquez Cancelo
IES Monte Neme. Carballo*

DESCRIPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA EXPERIENCIA

- Das catro sesións semanais que pensaba impartir na aula de ordenadores só puideron impartirse 3 por problemas de organización no Centro. A cuarta sesión a impartía nunha aula normal.
- Na primeira sesión realizouse a proba previa.
- A segunda sesión utilizouse para:
 - ✓ Explicar ós alumnos en que consistía a experiencia.
 - ✓ Realizar a enquisa previa.
 - ✓ Mostrarlles a Web Descartes e navegar por ela para ir familiarizándose co entorno de traballo.
 - ✓ Agregar en favoritos as unidades didácticas que imos tratar.
- Na terceira sesión :
 - ✓ Agrupáronse os alumnos de dous en dous,
 - ✓ Elixiuse ordenador.
 - ✓ Entregouse a primeira ficha da unidade e informouse de que nas sesións de clase as fichas habería que completalas coa información da web e habería que facer os exercicios propostos.
 - ✓ Informouse de que unha das catro sesións semanais impartirase nunha aula normal e que dita sesión utilizarase para: facer algunha explicación puntual, preguntar dúbidas, rematar exercicios ..., e na que se traballará de forma individual.
- Nas seguintes sesións entrégase a ficha correspondente. Nalgunhas sesións entréganse dúas fichas e noutras non he posible rematar unha ficha polo que continúaase na seguinte sesión. No caso de que máis da metade da clase remate as actividades na aula, aqueles que non puideron acabala a levarán para casa para entregala rematada o inicio da sesión seguinte.
- A continuación aparece un resumo das incidencias recollidas no Diario de Clase:

<u>8/10/08</u>	<u>Proba previa</u> <ul style="list-style-type: none">• <i>Os alumnos mostráronse preocupados porque non sabían si contaba ou non para nota</i>• <i>Dous alumnos sen ver a proba dixeron que non sabían nada.</i>• <i>Algúns alumnos pediron facer a proba a lapis.</i>
----------------	---



Experimentación con Descartes na Aula. Galicia 2008

María José Vázquez Cancelo
IES Monte Neme. Carballo

<u>9/10/08</u>	<u>Enquisa inicial</u> <ul style="list-style-type: none">• Faltaron dúas alumnas que farán a enquisa na seguinte sesión.• Non recordaban as notas do ano pasado• Para moitos era o mesmo a pregunta de materia máis valorado a e materia que máis che gusta.• Na pregunta das horas co ordenador preguntaron si se refería a xogar ou divertirse.• Preguntaron se a semana era de 5 ou de 7 días. <u>Presentación do entorno Descartes</u> <ul style="list-style-type: none">• Os alumnos coñeceron o entorno de traballo
<u>Do 13/10/08 ó 25/11/08</u>	<u>Fichas das unidades didácticas:</u> <ul style="list-style-type: none">• O día 13 entregouse a primeira ficha da primeira unidade didáctica.• Encontrouse unha fórmula na ficha que difería da pantalla.• O día 27 entregouse a primeira ficha da segunda unidade didáctica.• Encontrouse na web de programación lineal un exercicio que presentaba erros.• As fichas entregáronse de unha en unha.• Os alumnos que faltaban a unha sesión facían o atrasado na casa.• As fichas recollíanse ó rematar a sesión e se non se remataban volvíanse entregar ó inicio da sesión seguinte.• As fichas unha vez corrixidas se entregaban ós alumnos.• A sesións dos días 22/10/01 e 13/11/01 non se puideron impartir por folga de alumnos.• A sesión do día 3/11/08 tampouco se impartiu por ser un dos festivos elixidos polo centro.• Utilizouse como material complementario o programa "prolin"
<u>26/11/08</u>	<u>Repaso</u> <ul style="list-style-type: none">• Os alumnos utilizaron os exercicios finais para repasar o aprendido.
<u>1/12/08</u>	<u>Proba final</u> <ul style="list-style-type: none">• Sen incidencias
<u>2/12/08</u>	<u>Enquisa final</u> <ul style="list-style-type: none">• Faltaron dous alumnos que fixeron a enquisa o día seguinte de clase.